

APROBACIÓN DO PREGO DE CLAÚSULAS DE EXPLOTACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ÁREA DE SERVIZO DE MASIDE NA AG-53, ME (CON ACCESO DENDE AS DÚAS MARXES) P.Q. 80,5 TM MASIDE

Expte:-203,29/21/SPI

En cumprimento do recollido no artigo 8 do Decreto 432/2003, de 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense e se establecen os termos da xestión, á vista do prego de cláusulas de explotación elaborado por SPI Galicia SA, **RESOLVESE:**


Aprobar o prego de cláusulas de explotación que rexerán o contrato de concesión para a construción e explotación da área de servizo de Maside na AG-53, pq 80,5, ME (con acceso dende as dúas marxes). Termo municipal de Maside. Provincial de Ourense.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

O Director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias





SPI GALICIA, S.A.
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

CONTRATACIÓN

PROCEDIMIENTO ABERTO MULTICRITERIO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA

PREGO DE CLÁUSULAS DE EXPLOTACIÓN

*CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ÁREA DE SERVIZO DE MASIDE NA AG-53, PQ 80,5, MARXE ESQUERDA (CON
ACCESO DENDE AS DÚAS MARXES). TERMO MUNICIPAL DE MASIDE. PROVINCIA DE OURENSE
CONC210101*

XUÑO DE 2021

ÍNDICE

1. DISPOSICIÓN XERAIS	3
1.1. OBXECTO DESTA PREGO E XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN.....	3
1.2. CARACTERÍSTICAS DA CONCESIÓN.....	3
1.3. DURACIÓN DA CONCESIÓN	3
1.4. CANON POLA EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓN.....	3
1.5. DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO.....	4
1.6. SUBMISIÓN Á LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO	5
2. DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS	6
2.1. REQUISITOS E CONDICIÓNS DOS SERVIZOS A PRESTAR.	6
2.2. SERVIZOS E INSTALACIÓN.....	6
2.2.1. Zona de subministración de combustible	6
2.2.2. Zonas de aparcadoiros.....	7
2.2.3. Servizos de restauración	7
2.2.4. Zona de xogos infantís	8
2.2.5. Servizos e instalacións opcionais	8
2.3. TARIFAS DOS SERVIZOS	8
2.4. HORARIOS DOS SERVIZOS	9
2.4.1. Horario da estación de servizo.....	9
2.4.2. Horario da cafetería	9
2.5. SINALIZACIÓN, ILUMINACIÓN E SEGURIDADE.....	9
2.6. CONSERVACIÓN.....	10
2.7. REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN.....	11
2.8. DOCUMENTO EDICOE	11

1. DISPOSICIÓN XERAIS

1.1. OBXECTO DESTA PREGO E XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

O obxecto do presente Prego de Cláusulas é definir e regular as condicións ás que haberá de someterse a execución do contrato de *Concesión de Obra Pública* para a **Prego de Cláusulas de Explotación**

Construcción e Explotación da Área de Servizo de Maside na AG-53, Pq 80,5, Marxe Esquerda (con acceso dende as dúas marxes). Termo Municipal de Maside. Provincia de Ourense, así como dar cumprimento ao disposto no art.º 93 do Regulamento Xeral de Estradas aprobado polo Decreto 66/2016 de 26 de maio.

1.2. CARACTERÍSTICAS DA CONCESIÓN

As instalacións están orientadas a contar coa capacidade suficiente para atender a demanda potencial existente na zona de influencia da autoestrada.

Estas deberán contar con servizos de estación de subministración de combustibles de automoción, puntos de recarga para vehículos eléctricos, toma de auga e aire a presión, cafetería, tenda de artigos xerais e produtos de automoción, servizos telefónicos e de internet, aseos, sala de lactación, zona con duchas para usuarios, aparcadoiros pavimentados e diferenciados de turismos e pesados, e zona de xogos infantís.

O licitador poderá propoñer outros servizos que considere de interese para os usuarios, sempre que non sexan contrarios ao Regulamento Xeral de Estradas, ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato ou á OC 320/94 sobre Áreas de Servizo da *Dirección General de Carreteras*.

1.3. DURACIÓN DA CONCESIÓN

A duración da concesión establécese polo período máximo indicado na folla de especificacións da licitación, prazo que comezará a contar a partir da data de formalización do contrato.

O prazo concesional só poderá alterarse de acordo ó establecido nos artigos 270 e 278 da Lei de Contratos.

Finalizado o período concesional, ou no seu caso as prórrogas concedidas, o terreo e a totalidade das instalacións reverterán a SPI Galicia, sen que o concesionario teña dereito a indemnización ningunha. As instalacións deberán encontrarse en boas condicións de conservación e de continuación do seu uso no momento da súa reversión a SPI Galicia.

1.4. CANON POLA EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS

O canon mínimo pola explotación das instalacións incluídas na área establecerase no anuncio da licitación do contrato de concesión e na Folla de Especificacións do contrato.

No cómputo do canon consideraranse anos naturais, de 1 de xaneiro a 31 de decembro.

A obriga do pagamento do canon ofertado comezará a partir da data de autorización de posta en servizo.

A liquidación do canon correspondente a un ano determinado realizarase durante o primeiro semestre do mesmo ano, e o pagamento realizarase mediante o seu ingreso en conta bancaria de titularidade de SPI Galicia, non máis tarde do 31 de xullo do ano obxecto da liquidación.

A liquidación do primeiro ano de explotación será proporcional ao número de días nos que as instalacións estiveron a funcionar, contando dende a data de autorización de posta en servizo (parcial ou total). Así pois, o importe a aboar obterase multiplicando o canon ofertado polo número de días en servizo (dende a data de autorización de posta en servizo (parcial ou total)) e dividindo polo número total de días do ano. O pagamento realizarase nun prazo non superior a 6 meses dende a data de autorización de posta en servizo (parcial ou total).

O canon ofertado revisarase anualmente e de forma acumulada na forma establecida no Prego de Condicións do contrato.

1.5. DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO

O concesionario ten dereito a percibir as contraprestacións económicas correspondentes á prestación de servizos previstos ao público no contrato, de acordo coas tarifas autorizadas e, no seu caso, á revisión destas nos termos, que se establecen no Prego de Bases.

Tanto a devandita revisión coma a autorización das tarifas correspondentes aos servizos que non estiveran incluídos na devandita proposición deberán ser autorizadas por SPI Galicia, dentro do prazo de 2 meses posterior á solicitude formulada ao respecto polo concesionario, sen prexuízo doutras autorizacións administrativas que no seu caso sexan procedentes.

O concesionario realizará todos os trámites necesarios para obter os permisos precisos para a realización das obras e instalacións previstas na área de servizo e para a súa posta en servizo, facéndose cargo igualmente dos gastos xerados polos mesmos, respectando os procedementos legalmente establecidos, en particular no Decreto 45/2015 da Consellería de Economía e Industria e calquera outra norma de aplicación.

O concesionario está obrigado a organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas neste prego e dentro dos prazos sinalados neste, e deberá atender o pagamento de cantos impostos, arbitrios, dereitos e taxas, estatais, autonómicas, provinciais ou locais graven as obras e as actividades comerciais, así como a obtención de cantas licenzas e permisos lle sexan requiridos.

O concesionario ten obriga de manter en todo momento en bo estado todas as instalacións, especialmente aquelas que son de uso público gratuito, como son os aseos e a zona con duchas para usuarios, as de subministración de auga e aire comprimido para os automóviles, as zonas de xogos infantís, axardinamentos, iluminación, sinalización e estacionamento da área, e realizar a súa entrega, ao finalizar a concesión, con todos os servizos en perfecto estado de funcionamento.

O concesionario estará obrigado a indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da explotación das instalacións e da prestación do servizo ou de calquera outra operación que requira a realización do contrato.

O concesionario deberá poñer en coñecemento de SPI os contratos de arrendamento de servizos que, se é o caso, poida formalizar en relación coas instalacións da área, con eventuais subcontratistas.

Non se permitirán cambios nas instalacións da área de servizo que impliquen a realización de obras de fábrica, sen a presentación dun proxecto destas e previa autorización expresa do concedente. Do anterior exclúense as

obras de conservación e mantemento. Así mesmo, os cambios de uso das instalacións deberán ser tamén autorizados por SPI.

Dentro do primeiro semestre de cada ano, non máis tarde do 30 de xuño, o concesionario deberá facilitar á SPI información sobre os resultados da explotación das instalacións da área durante o ano anterior, desagregada por cada servizo prestado co detalle das cantidades consumidas e ingresos.

Adicionalmente, o concesionario facilitará con carácter mensual un resumo dos resultados de explotación acadados no mes anterior (cifras de combustible vendidas por categorías, prezo das mesmas e ingresos por repostaxe, ingresos por vendas na tenda e ingresos por vendas na cafetería). Este resumo entregárase non máis tarde do día 15 do mes seguinte.

No derradeiro mes de cada ano, non máis tarde do 31 de decembro, o concesionario deberá presentar a SPI Galicia o Plan de conservación previsto para o ano seguinte, que deberá conter a previsión de actuacións de conservación programadas durante o seguinte ano, co detalle dos medios que se disporán para a súa execución e dos procedementos de execución, así como os procedementos e medios dispoñibles para atender as actuacións non programadas.

No primeiro cuadrimestre de cada ano, non máis tarde do 30 de abril, o concesionario presentará a SPI Galicia un informe anual de conservación, no que se detallen as actuacións de conservación levadas a cabo durante o ano anterior, os medios empregados e os custes soportados.

Así mesmo, mensualmente, non máis tarde do día 15 do mes seguinte, deberá facilitar copia das reclamacións formuladas polos usuarios en relación coa prestación dos servizos das distintas instalacións da área, así como das respostas emitidas e actuacións derivadas das devanditas reclamacións.

O concesionario deberá permitir o libre acceso a todas as instalacións da área do persoal que para tal efecto sexa designado por SPI Galicia, co fin de verificar o bo estado daquelas, a seguridade e a correcta prestación dos servizos ao público.

O concesionario deberá obter por conta propia todas as licenzas e permisos legalmente establecidos para a execución de obras e o exercicio das súas actividades, obrigándose ao cumprimento da lexislación e normativa aplicables a estas.

1.6. SUBMISIÓN Á LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

En todo o non previsto neste Prego de Cláusulas de Explotación ou no Prego de Condicións, será de aplicación o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a súa normativa de desenvolvemento, na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, no Decreto 66/2016, do 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e na Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.

2. DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS

2.1. REQUISITOS E CONDICIÓN DOS SERVIZOS A PRESTAR.

O obxecto principal da concesión da área de servizo é atender as diferentes necesidades que poidan ter os usuarios da autoestrada ou os seus vehículos.

En todos os servizos da área se dispoñerá das follas oficiais de reclamacións, numeradas, que estarán a disposición dos usuarios, copia das cales será remitida á SPI Galicia, xunto co informe do concesionario, sen prexuízo doutras competencias concorrentes en materia de protección ao consumidor.

Prestaranse os seguintes servizos de xeito obrigatorio:

- Aparcadoiros pavimentados e diferenciados para vehículos lixeiros e pesados.
- Servizos hixiénicos (aseos, sala de lactación e ducha para usuarios)
- Zona de xogos infantís.
- Abastecemento de auga.
- Estacións de recarga de fontes de enerxía para vehículos.
- Servizos telefónicos e de internet.
- Tenda de artigos xerais e produtos de automoción.
- Cafetería.

O concesionario poderá ofertar outros servizos relacionados coas necesidades dos usuarios sempre que non sexan contrarios ao Regulamento Xeral de Estradas, ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato nin a Orde Circular 320/94 sobre Áreas de Servizo.

2.2. SERVIZOS E INSTALACIÓNS

A continuación descríbense os servizos e instalacións a proxectar, construír e explotar polo concesionario con carácter obrigatorio:

2.2.1. ZONA DE SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE

O obxectivo principal da área de servizo é a subministración aos vehículos de carburantes, lubricantes, refrixerante para o radiador e aire comprimido para os pneumáticos.

A estación de servizo deberá dimensionarse para poder subministrar combustible de forma simultánea a 4 vehículos lixeiros e a 2 vehículos pesados. Este dimensionamento ten carácter de mínimo polo que o ofertante poderá superar o número de postos citado.

Os surtidores destinados a vehículos lixeiros serán de tipo multiproducto.

A estación dotarase de tres puntos de recarga para vehículos eléctricos, do tipo de recarga rápido, modo de carga 3 e 4 segundo a norma internacional IEC 61851.

A estación de servizo contará cun edificio de control para o pagamento do carburante subministrado, venda de produtos de automoción e artigos varios, aseos diferenciados de uso público, con sala de lactación e

adaptados a persoas de mobilidade reducida, oficina, almacén, vestiario para o persoal da estación, zona con duchas para usuarios e teléfono público.

Os aseos distinguirán: masculino, feminino, persoas con mobilidade reducida e sala de lactación.

Disporase de polo menos un punto de toma de auga para os radiadores dos vehículos, e unha toma de aire a presión con manómetro para o inflado de pneumáticos.

O uso dos aseos, toma de auga e inflado de pneumáticos será libre e gratuíto.

Todas as instalacións da estación de servizo disporán dos elementos e equipos necesarios que permitan a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida.

2.2.2. ZONAS DE APARCADOIROS

A zona de aparcadoiros da área principal estará dotada cun mínimo de 30 prazas distribuídas do seguinte xeito:

- 15 destinadas a vehículos lixeiros
- 11 destinadas a vehículos pesados e autobuses
- 1 para discapacitados na zona máis próxima a entrada do edificio.
- 3 destinadas a vehículos eléctricos

O uso dos aparcadoiros será libre e gratuíto.

2.2.3. SERVIZOS DE RESTAURACIÓN

Disporase un edificio cafetería no que se presten os seguintes servizos:

- Venda de bebidas frías e quentes.
- Preparación e servizo de bocadillos, pratos combinados, almorzos, porcións, etc.
- Menú diario.
- Aseos diferenciados.
- Teléfono público.
- Venda de artigos varios: prensa, revistas, mapas, libros, produtos típicos da zona, etc.
- Conexión wi-fi

Os aseos distinguirán: masculino, feminino, persoas con mobilidade reducida e sala de lactación.

O uso dos aseos e servizo de conexión a Internet wi-fi, será libre e gratuíto.

Permítese a venda de bebidas alcohólicas cuxa gradación non supere os 20º, quedando rigorosamente prohibidas as de gradación superior. Esta prohibición inclúe a mesturas de refrescos ou cafés con bebidas alcohólicas con gradación superior a 20º.

Estará prohibida a venda ou subministro de bebidas alcohólicas de calquera gradación os menores de idade, de acordo coa Lei 5/2018, sendo responsabilidade do concesionario a esixencia de presentación de documento oficial acreditativo da idade dos consumidores para asegurar este fin.

Todas estas instalacións disporán dos elementos e equipos necesarios que permitan a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida.

O edificio de control da estación de servizo e a cafetería poderanse integrar nun único edificio, unificando aseos e zona de venda de produtos, e respectando os servizos previstos.

2.2.4. ZONA DE XOGOS INFANTÍS

Habilitarase unha zona de xogos infantís con chan axeitado para amortecemento de caídas, específico para estas instalacións.

A zona de xogos infantís deberá estar separadas fisicamente da zona de paso de vehículos. Esta separación conseguirase mediante valo de madeira ou ben mediante especies arbustivas.

O uso da zona de xogos infantís será libre e gratuíto.

2.2.5. SERVIZOS E INSTALACIÓNS OPCIONAIS

O concesionario poderá engadir na súa oferta outras instalacións ou servizos distintos aos de carácter obrigatorio ou que completen a estes, sempre que estean relacionados coas necesidades do usuario, no marco do disposto no presente Pregos, no Pregos de Condicións, no Regulamento Xeral de Estradas e na Orde Circular 320/94 sobre Áreas de Servizo.

Calquera mellora proposta polo licitador deberá estar convenientemente xustificada en función da intensidade de tráfico, tipo de tráfico (local ou de longa distancia), perfil do usuario, servizos existentes na zona, necesidades actuais e reais dos condutores, etc. Se non se xustifican, esas melloras poderán mesmo diminuír a puntuación técnica da oferta.

A xeito de exemplo, pódense propoñer as seguintes melloras:

- Aparcamento adicional de vehículos pesados con control de accesos, pechado no seu perímetro, con reforzo de medidas de seguridade, edificio con servizos específicos para transportistas (duchas, lavandería, sala de estar, etc.). As tarifas a aplicar pola prestación destes servizos deberán ser autorizadas por SPI Galicia.
- Paneis con información turística da zona.
- Aparcadoiros de emerxencia para vehículos pesados a utilizar durante a vialidade invernal.

2.3. TARIFAS DOS SERVIZOS

As tarifas dos servizos prestados aos usuarios serán propostas polo concesionario na súa oferta económica e serán tidas en conta na adxudicación da concesión. A revisión anual destas tarifas será levada a cabo previa proposta á SPI Galicia para a súa aprobación ou posible corrección.

As devanditas tarifas deberán quedar expostas ao público de forma perfectamente visible e facendo constar a súa autorización por SPI Galicia e a data e período de duración desta.

2.4. HORARIOS DOS SERVIZOS

Os horarios dos diferentes servizos prestados, salvo oferta mellorada do concesionario, serán os seguintes:

2.4.1. HORARIO DA ESTACIÓN DE SERVIZO

Garantirase a subministración de combustible, o uso dos aseos e do teléfono público durante entre as 07:00 e as 23:00 h., sen ningunha interrupción, mesmo domingos e días festivos. Este horario deberá estar reflectido nos carteis de sinalización en estrada para información dos usuarios. O horario poderá incrementarse de acordo coa proposición presentada polo concesionario. En caso de ser ofertada, a prestación do servizo entre as 23:00 e as 07:00 poderá ser non atendida de maneira presencial por persoal da empresa concesionaria, utilizando sistemas de autoservizo. Neste caso deberá existir persoal de garda para atender posibles incidencias no servizo automático, que deberá poder ser avisado polos usuarios mediante algún sistema implantado na área, de uso gratuíto.

2.4.2. HORARIO DA CAFETERÍA

A cafetería estará aberta entre as 07:00 e 23:00 horas, sen ningunha interrupción, mesmo domingos e días festivos. Este horario deberá estar reflectido nos carteis de sinalización en estrada para información dos usuarios. O horario poderá incrementarse de acordo coa proposición presentada polo concesionario.

De xeito xustificando, o concesionario poderá propoñer a modificación deste horario. No caso de existir edificacións separadas, os servizos de cafetería poderían quedar cubertos parcial e temporalmente mediante o edificio de control da estación de servizo.

No caso de ofertar ampliación do horario de repostaxe para cubrir o período entre as 23:00 e as 07:00 pero non ofertar a mesma ampliación para a cafetería, o concesionario deberá instalar servizos de vending automáticos que permitan aos usuarios acceder a unha oferta mínima de cafetería. A oferta incluída nestes servizos deberá ser aprobada por SPI Galicia.

Calquera proposta de horario diferente á do parágrafo anterior requirirá autorización de SPI Galicia.

2.5. SINALIZACIÓN, ILUMINACIÓN E SEGURIDADE

A sinalización e presinalización da área de servizo e das súas instalacións na autovía e na entrada realizaranse de acordo coa normativa en vigor e co Regulamento Xeral de Circulación, estando incluída na inversión deste contrato, polo que se incluírá no proxecto de construción correspondente.

Sen prexuízo dos rótulos propios de cada un dos establecementos incluídos na área e dos específicos da empresa concesionaria, a área de servizo deberá dispoñer, en lugar ben visible polo usuario e de forma prioritaria á entrada, o distintivo da súa condición como área de servizo en réxime de concesión por SPI Galicia e a Xunta de Galicia, para o cal deberá proveerse a instalación dos carteis indicativos da devandita circunstancia, co grafismo, cor e dimensións que para o efecto se determinen por SPI Galicia.

As zonas comúns da área de servizo deberán estar permanente iluminadas. En todo momento quedará garantida a seguridade tanto dos usuarios como dos seus vehículos.

As vías de acceso á área de servizo deberán iluminarse obrigatoriamente, tendo en conta para o seu deseño as recomendacións do Ministerio de Fomento (*OC 36-2015 sobre criterios a aplicar en la iluminación de carreteras a cielo abierto y túneles*).

A iluminación das vías de acceso e das zonas comúns da propia área de servizo terán a obriga de manterse acendidas no horario de funcionamento da área de servizo, xa sexa presencial ou con sistema de autoservizo.

As indicacións aos usuarios da área, tanto en carteis coma mediante o uso de megafonía, deberán efectuarse en galego e en castelán.

2.6. CONSERVACIÓN

As operacións de conservación son as destinadas a manter a área de servizo nun nivel óptimo de servizo durante o prazo da concesión.

Distínguense entre operacións non programadas e operacións programadas.

As operacións non programadas caracterízanse por ter que ser atendida de xeito inmediato, pola súa afección ao uso normal das instalacións. Pódense dividir en dous grupos:

- Aquelas operacións que atenden a incidencias de carácter imprevisible: limpeza de derramos, verteduras de aceite, retirada de restos de accidentes nas instalacións, reparación de elementos deteriorados consecuencia de accidentes ou que poidan afectar á seguridade do usuario, etc.
- Aquelas operacións que polo seu carácter continuado, requiren ser realizadas de xeito constante: limpeza de restos de lixos, papeleiros, zonas verdes, aparcadoiros, etc.

Pola súa banda, as operacións programadas son aquelas que poden ser abordadas de xeito sistematizado ao longo dun período de tempo determinado: segas, poda de árbores e arbustos, repintado de marcas viarias, limpeza de obras de drenaxe, actuacións en firmes e pavimentos, limpeza da sinalización vertical e balizamento, revisión da rede de saneamento, etc.

A programación destas operacións require partir dun inventario que recolla todos os elementos que forman a área de servizo: firmes, drenaxe, estruturas, saneamento, abastecemento, instalacións eléctricas, sinalización vertical e horizontal, balizamento, etc.

A partir deste inventario, débese valorar o estado dos elementos a través de inspeccións obxectivas programadas.

Unha vez valorada a situación de cada elemento da área de servizo, programaranse as actuacións necesarias para devolvelos a un nivel óptimo de conservación. Esta programación incluírase no Plan de conservación anual.

Toda esta sistemática de actuacións de conservación reflectirase no Plan de Conservación anual mencionado na cláusula 1.5, e que requiren a aprobación previa de SPI.

O concesionario deberá dispoñer dos elementos necesarios para a sinalización destas operacións e actuacións sen menoscabar a sinalización propia na autovía ou na área de servizo.

2.7. REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN

Antes da posta en servizo das instalacións, o concesionario deberá presentar a SPI Galicia un proxecto de Regulamento de explotación, descritivo do funcionamento dos diferentes servizos para a súa revisión ou aprobación definitiva.

Neste Regulamento incluíranse horarios, tarifas, organigrama co persoal dispoñible, deberes e obrigas do persoal de servizo, así como os sistemas e canles que teñen os usuarios para presentar posibles reclamacións, respostas ao usuario e información á SPI Galicia.

2.8. DOCUMENTO EDICOE

No prazo de 6 meses dende a posta en servizo das instalacións, o concesionario deberá presentar a SPI Galicia un ou varios documentos co estado de dimensións e características das obras executadas (EDICOE), formados por unha memoria, que recolla unha descrición completa das obras e instalacións, relación xustificada das modificacións realizadas da oferta, planos e presuposto definitivo da inversión realizada, para coñecemento de SPI Galicia.